

Mundus Vini concede nove medallas ao Ribeiro

Páxina III



Eduardo Peña, mellor viño branco de Galicia 2025

Páxina III



Volve a Salvaterra a Ruta Pinchoterra

Páxina IX



A praza do Pracer descubre o pasado romano tudense

Páxina XI



Ultimátum para o derribo do Talaso Atlántico

Páxina XIII



Adeus a Dora Carrera, referente de Érguete

Páxina XV



A Feira do Viño do Ribeiro celebra en maio a 63ª edición

Páxina II



Tui-Valença: Unha ponte internacional con 140 anos de unión

Páxina XI



35 Aniversario da Irmandade dos Vinhos Galegos

Páxina VI



Produtos selectos galegos e nacionais.
Para particulares, hostalería e tendas.
Entregamos a domicilio
en toda a península.

648 496 756. 988 680 781
info@galiciagourmet.net
Rúa da Paz, 1. OURENSE



OURENSE

A Feira do Viño do Ribeiro celebra en maio a 63ª edición

O xurado do concurso de carteis da 63ª Feira do Viño do Ribeiro reuniuse na sede do Consello Regulador do Ribeiro, en Ribadavia, para elixir o cartel que representará a Feira do Viño do Ribeiro 2026, que terá lugar na vila ribadaviense do 1 ao 3 de maio.

A obra gañadora está deseñada por Ángel Liger Martínez, natural de Alfaro (La Rioja) e foi elixida entre 52 propostas presentadas nesta edición do concurso. El é deseñador e pintor, apaixonado polo cartelismo, con infinidade de premios ás súas creacións a longo dos anos. En relación á súa obra denominada "A nosa terra", comenta que a idea que quere reflectir é "a unión dun pobo, dunha terra, polos seus viños, facendo algo con corazón, con sentimento." Ademais engade que quixo trasladar "unha fusión de elementos que aúnan os sentimentos por un viño, unha uva, unha terra, unha festa, unha denominación de orixe, xogando coas cores do viño, das uvas e incluso da paisaxe co paso do tempo."

Para a elección do seu cartel anunciador, o Concurso de Carteis



Julio A. Gtz., Yolanda Gómez, Concha Iglesias, Mariluz Expósito e Jaime Díaz

da 63ª Feira do Viño do Ribeiro contou cun xurado integrado por profesionais no ámbito do deseño gráfico e dos coorganizadores da Feira do Viño. O grupo tivo que deliberar entre 22 obras preseleccionadas polo público. Preto dun cento de persoas emitiron os seus votos durante o prazo para a preselección na Casa da Cultura de Ribadavia, que foi desde o 29 de xaneiro ata o 10 de febreiro. Todas elas foron sometidas ao xuízo, resultando a obra gañadora premiada con 1.000€.

A presidenta do C.R.D.O. Ribeiro, Concha Iglesias, comenta: "este concurso permite a partici-

pación de moitos profesionais do sector, como deseñadores gráficos ou pintores, principalmente de Galicia, pero tamén doutras partes de España, como La Rioja, Madrid, País Vasco, Andalucía, Murcia e Canarias."

César Fernández, alcalde de Ribadavia, engade que "tamén queremos premiar a aposta dos estudantes do Bacharelato de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño, do IES O Ribeiro, onde as profesoras animan aos alumnos a participar neste concurso. Por elo, faremos entrega dun especial agasallo a un dos participantes próximamente".

Feira de Artesanía na Praza Maior ribadaviense



A Feira do Viño do Ribeiro, que se celebrará os días 1, 2 e 3 de maio, incorpora este ano como novidade un encontro de artesanía que se desenvolverá na praza Maior. Este espazo contará con 16 postos de profesionais da Comunidade. A feira de artesanía abrirá de 11.00 a 21.00 horas, coa intención de diversificar a oferta cultural, promover o produto local e dinamizar a economía da zona a través de oficios tradicionais. A feira reunirá a profesionais de toda Galicia que ofrecerán unha variada selección de pezas elaboradas de xeito artesanal.

A iniciativa, impulsada pola Asociación Galega de Artesáns, busca enriquecer a experiencia dos visitantes e reforzar a aposta

polo produto local de calidade. Para asegurar o atractivo do evento, a organización encargárase de distribuír os postos de forma que se garanta a diversidade de oficios e evítese a repetición de propostas similares en espazos contiguos.

A Feira do Viño do Ribeiro consolídase como un evento de referencia que combina a tradición e o produto de proximidade para potenciar a dinamización económica da bisbarra. A Feira contará cun total de 34 stands nos que se poderá gozar dos mellores viños da Denominación de Orixe Ribeiro, acompañados de gastronomía local, música en directo, obradoiros, catas comentadas e actividades para todos os públicos.



Eduardo Peña, mellor viño branco de Galicia 2025

O mellor viño branco de toda Galicia faise nunha adega da parroquia de Barral, con vistas ao encoro de Castelo de Miño. Ou polo menos, iso é o que decidiu o xurado das Catas de Galicia que concedeu o Acio de Ouro (o máximo galardón) ao plurivarietal Eduardo Peña, da adega Eduardo Rodríguez e Luz Cánovas, que pertence á Denominación de Orixe Ribeiro.

Non foi o único premio que as mostras da DO con máis antigüidade da comunidade recibiron en 2025. Na categoría reservada a viños provenientes de árbores singulares, impúxose o Máis de Cunqueiro Torrontés, das adegas Cunqueiro, en Prado (Castelo de Miño).

A competición entre colleitas de anos anteriores tamén tivo gañadores ribeirás: a prata recaeu nunha reserva de 2023 do Armán Leira Misenhora de adegas Casal (Ribadavia), e o bronce obtívoo unha mostra de 2022 de Boas Vides, do minifundista An-



Adegas Eduardo Peña, en Barral (Castelo de Miño).

tonio Míguez Amil. Completa o palmarés do Ribeiro en categorías xerais dous terceiros postos máis: o do tinto Cotarelo, de Benigno Ríos Mosquera, nos premios a colleiteiros e pequenas bodegas; e o de Ramón do Casar Nobre barrica 2024 no capítulo de viños brancos de elaboracións de madeira.

Durante a cata houbo tamén un oco reservado exclusivamente

aos viños brancos do Ribeiro. Nesta sección, o Acio de Ouro gañouno a selección Alter, de Dominio de Razamonde; o de prata, o Pazo Tizón, de adega homónima; e o de bronce, o elaborador Casal de Armán.

A edición de Catas de Galicia contou cunha participación de marca: 445 referencias de viño (310 de branco e 135 de tinto) de 165 adegas presentáronse ao certame, no que a cata de profesionais foi a cegas.

Mundus Vini concede nove medallas ao Ribeiro



A denominación de orixe Ribeiro recibiu un total de nove medallas tras a publicación dos resultados do concurso internacional de viños Mundus Vini, unha competición que se desenvolveu do 25 ao 28 de febreiro de 2026 en Neustadt an der Weinstraße, Alemaña.

As catro distincións de ouro recaeron no viño Finca Pazo Carballo 2024 de Adegas Docampo; Ramón do Casar Nobre 2024 e Ramón do Casar Godello 2024, ambos de Adega Ramón do Casar e Torre do Olivar Expresión 2025, de Adegas Pazo do Mar. Os cinco galardóns de prata foron para os viños Casal de Armán branco 2024 de Adegas Casal de Armán, Catro Parroquias Treixadura 2025 de Bodegas Loeda; Gran Alanís Castes Brancas 2025 de Bodega Alanís, Ramón do Casar Lento

2024 e Ramón do Casar Varietal 2025 de Adega Ramón do Casar.

A presidenta do C.R.D.O. Ribeiro, Concha Iglesias, ante os resultados comenta "presaxio que empeza unha nova tempada de magníficos resultados nos concursos internacionais vinícolas, o que revelará que seguimos no bo camiño e poñerá de manifesto, un ano máis, a gran calidade dos viños da D.O. Ribeiro".

Viños de todo o mundo presentáronse ao 38º Gran Premio Internacional do Viño Mundus Vini, concurso que rende homenaxe aos mellores viños na degustación de primavera de 2026. En total, o xurado internacional de expertos concedeu 46 medallas de Gran Ouro, 2.327 de Ouro e 1.434 de Prata aos mellores viños da Cata de Primavera de Mundus Vini.



OURENSE

A provincia recibiu en xaneiro e febreiro máis de 40 mil visitantes

Xosé Merelles Remy, director de Turismo de Galicia, eloxiou a calidade do sector turístico galego e en concreto o hoteleiro que no mes de febreiro liderou o crecemento da rendibilidade, acadando a taxa de crecemento máis alta de todas as comunidades autónomas, e que acumula dous meses de crecemento na súa facturación ata superar os 28 millóns de euros (+7,35).

Salientou o bo comportamento nos dous primeiros meses do ano da provincia de Ourense, que experimentou un notable crecemento en volume de visitas. Segundo os datos de aloxamento hoteleiro do INE, en xaneiro e febreiro de 2025 a provincia acolleu a 41.659 visitantes, un 11,4% máis que no mesmo período de 2024, que realizaron un total de 75.414 pernотacións (+24,9% respecto



Xosé Merelles Remy con directores de hoteis.

2025).

Referíndose en concreto á oferta termal na comunidade galega, Xosé Merelles, destacou que esta modalidade, que forma parte da estratexia turística da Xunta de Galicia, aporta un importante compoñente desestacionalizador, ao favorecer as viaxes en datas de tempada baixa ou media. Ademais, os espazos termais están situados

en distintas localidades, máis aló dos grandes núcleos turísticos, o que favorece a diversificación xeográfica da oferta. Segundo apuntou, o turismo de benestar complementase con outras modalidades, como o enogastroturismo, o turismo de natureza ou activo ou o cultural, o que permite ofrecer unha proposta completa, de maior valor engadido.

Día da danza

O Concello celebrará o 29 de abril o Día Internacional da Danza. As propostas coreográficas serán de temática libre, abrangendo estilos clásicos, contemporáneos, modernos, jazz, folclore, street dance, k-pop, danza árabe,

danza espectáculo, performance, danza urbana e outros estilos.

A celebración desenvolverase no Parque de San Lázaro, os Xardíns do Padre Feijóo, o Eironciño dos Cabaleiros, a Praza de San Martiño e a Praza Maior.

Proxecto piloto para o transporte metropolitano



Reunión no Centro Cultural Marcos Valcárcel.

O presidente da Deputación, Luís Menor, presidiu unha nova reunión da Comisión do Transporte Metropolitano, onde están representados os concellos da comarca de Ourense e os diferentes partidos políticos, co obxectivo de sacar adiante “esta demanda histórica que afecta á practicamente toda a metade da poboación da nosa provincia”, sinalou Menor.

Valorou como “moi produtiva” a reunión, na que se acordou instaurar un proxecto piloto que afecta aos concellos limítrofes da cidade para poder definir o

número de liñas e avanzar en cuestións técnicas, como a definición das paradas, frecuencias, a afección que tería nas liñas de transporte interurbano e os custos que suporía a implantación deste novo servizo.

Desde a Deputación “lideramos” esta iniciativa co obxectivo de solucionar un “problema histórico de mobilidade para a cidade e a comarca de Ourense”, e tras varias reunións de traballo “podemos dicir que estamos dando avances sobre cuestións concretas que comezan a achegar solucións a esta situación”, salientou o presidente provincial.

A OFICINA
Bar de petiscos

Fixemos reformas para comodidade dos nosos clientes

Tfno. 988 31 80 83
Juan de Anjes, 12
O COUTO (Ourense)

Sabor Ourensano

Menú Semanal

Te lo llevamos a casa!

COMIDA • BEBIDA • POSTRE
REFRESCO, AGUA O CERVEZA

15,00€

de 13:00h a 16:00h

602607096

Delivery gratis

www.saborourensano.es

ADEGA VELLA
3ª GENERACIÓN

Eirexa, 14 Abeleda (A Teixeira)
Tfnos 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Capricho

CASCO HISTÓRICO OURENSE

Rúa Lepanto, 17 - baixo - OURENSE

Tfno. 988 981 601

A Deputación impulsa a Feira do Viño da Ribeira Sacra ourensá

A Deputación de Ourense impulsará, xunto aos concellos da zona, a primeira Feira do Viño da Ribeira Sacra ourensá. Así o trasladou o presidente provincial, Luís Menor, tralo primeiro encontro de traballo con representantes institucionais de municipios que conforman a Ribeira Sacra para avanzar nos detalles desta iniciativa promocional.

Coincidiron en que a Ribeira Sacra precisa dunha mostra do viño que poña en valor este “extraordinario produto” que é parte fundamental da identidade desta zona ourensá, reivindicou Luís Menor. Unha visión compartida de xeito “unánime” por todos os participantes na reunión que comezarán a traballar na concreción



José Luís Hernández Mañas lendo o pregón na Mostra de Caldelas en 2008.

desta iniciativa.

O obxectivo é poñer en marcha “canto antes” esta proposta porque é “absolutamente necesaria” para promocionar esta zona onde o viño xoga un papel fundamental e máis nun ano tan importante para a Ribeira Sacra no que “es-

peramos ser Patrimonio da Humanidade”, avanzou o presidente provincial.

Xa no ano 2008 celebrábase en Castro Caldelas unha mostra de viño organizada pola Asociación de Adegueiros da Ribeira Sacra Ourenzá.

O Pereiro de Aguiar terá case 7,5 millóns de orzamento



Luís Menor Pérez é alcalde do Pereiro de Aguiar.

O Concello do Pereiro de Aguiar aprobou un orzamento para o 2026 de 7.420.000 euros. O alcalde, Luís Menor (PP), defendeu que se trata dun documento que non só reflicte unha cifra, senón que permite ao grupo de goberno “seguir transformando ou noso concello nun lugar mellor para vivir”. Destacou que reforzaron a partida para servizos ociais para ampliar a atención ás persoas maiores e aos colectivos máis vulnerables. Menor sinalou que en investimentos continúan desenvolvendo proxectos de humanización e asfaltado, para asegurar que todos os núcleos de poboación contén con “servizos públicos de calidade e contornas cuidadas”. Habrá políticas de conciliación e de apoio á mocidade, para que O Pereiro sexa un lugar atractivo para as familias. Respecto do fomento do emprego e da actividade económica no municipio, “queremos ser un aliado das nosas empresas e emprendedores, facilitando un contorno dinámico que xere riqueza non noso territorio”, dice o alcalde. Luís Menor asegurou que teñen as contas do Concello saneadas e por iso poden “afrontar investimentos clave” sen comprometer a estabilidade financeira do Concello.

O PSdeG votou en contra e demandou unha alternativa que supoña maiores investimentos, a mellora do transporte público, máis iniciativas culturais, rehabilitación de patrimonio e medidas medioambientais.

A casa museo de Ben Cho Shey abrirá este verán

A reforma da casa na que habitou Xosé Ramón Fernández Oxea (Ben Cho Shey) en Caspiñón (O Pereiro de Aguiar) avanza segundo o ritmo previsto e o concello confía en que os traballos estean terminados o próximo verán para poder abrir alí unha casa museo que será tamén

un centro para homenaxear aos mestres rurais.

Nesta segunda actuación, que conta cun orzamento de 220.000 euros en colaboración coa Xunta de Galicia, realízase a restauración integral da casa. Nela residiu Fernández Oxea durante dez anos cando era mestre de escola e alí

comezou os seus traballos de investigación.

O obxectivo é destinar o espazo para difundir a obra de Ben Cho Shey. Farase fincapé na vinculación de Fernández Oxea co Pereiro, recollida na obra “Santa Marta de Moreiras. Monografía dunha parroquia ourensá”.



NOVO ENTRIMO

Luns: costela guisada
 Mércores: carne arraxada
 Xoves: mollejas Venres: riis
 Sábado: callos Domingo: polbo

Berenxenas rebozadas, xoubas, tortilla española
 Paella de marisco por encargo e para levar

698 152 840 - 641 460 838

Rúa Velázquez - O Couto - Ourense



acouBAR

Comida tradicional galega
 Especialidade: Cachopo.

Rúa Fornos, 6. Tno. 689 63 14 16 OURENSE



BAR FUENTEFRÍA

Callos
 Empanadas
 Afumados
 Carnes
 Queixos
 Ensaladas
 Clásicos

Rúa Viriato, 6 Casco Vello OURENSE



el París
 abril 1981

Pedidos por whatsapp:
 621 341 998

Lepanto, 9 Ourense



OPINIÓN

35 Aniversario da Irmandade dos Vinhos Galegos

O pasado día 14 de marzo, no Pazo de Vilamarin cedido pola Deputación de Ourense, a Irmandade de Vinhos Galegos celebrou o seu 35 Aniversario.

Pero deixemos que sexa o seu Preboste actual Nemesio Barxa quen nos recorde o nacemento desta Irmandade:

Ainda era o século XX, d.c., quando três galegos de raça, pausados, com cabeça e algo angariados, se reuniam numa conspiração tabernária para colaborar num futuro de maior qualidade, prestígio, difusão de um dos sinais de identidade do povo galego, o vinho e a vinha. Os tão prestigiados vinhos galegos na Idade Média, exportados desde o S. IX ao XVII a Inglaterra, Flandes e outros países de Europa, sofreram um golpe quando perdem o comércio de Inglaterra, sem possibilidades de recuperação pola a chegada de épocas de pobreza e logo, no S. XIX as



Foron investidos “Cabaleiros Irmandinhos” José Vazquez Batán e José Roma Perez.

plagas das vinhas, a pesar do que conseguiu recuperar-se com a exportación a América, onde o Ribeiro acaprou grande fama, mas o golpe militar do 36 ocasionou un grande abandono da industria do vinho conseguindo só recuperar-se depois do 1985 com os fondos da EU e o esforço impagável de vários empresários vinícolas que retomaram as castas tradicionais galegas e a elaboración dos vinhos. Nestes tempos de recuperación andavam os nossos conspiradores tabernários na procura de una colaboración eficiente com a coragem dos que faziam realidade o novo tempo; nessa reunião nasceu o projeto de constituir asociación de pessoas interesada no mesmo fim; convocarem a homens amantes de Galiza e seu vinho, que responderam em perto de um centenar dos que 60 concorremos um 4 de marzo de 1995 ao Castelo de Vilamarim onde nasceu a Irmandade dos Vinhos Galegos; aprovarem-se estatutos, fins, governanza, primeiro Sanedrim, gozamos do bom vinho e da ami-

zade na que nos unia o amigo comum: o vinho galego.

Pepe Posada foi o verdadeiro artífice da Irmandade, redigiu a ata constitucional na linguagem medieval, ordenou todo o relativo a juntanças em solsticios e equinocios, a constituição do primeiro Sanedrim no que fiurava como máximo o poeta Manuel Maria que era o nosso Rui Xordo, abriu relações com outras confrarias vinícolas de aquem e alem Minho, animou a muitos a integrarse na Irmandade e uns cuantos em prestar nossa colaboración ativa para seu funcionamento. Porque Pepe Posada era das pessoas irrepitíveis que igual podia emresario que eurodiputado, Presidente de Caixa Ourense, proveedor de marrom glaçe aos japoneses que de vinho aos rusos, investigador dos vinhos galegos, embaixador da galeguidade no mundo lusista, escritor, entre outras muitas cousas, e sobre todo galeguista insobornavel e um grande e leal amigo. Para Anguiano e mais eu foi um honor ser continuadores da sua obra.

Os Vinhos sometidos a exame foro:
Tintos:

Manuel D’Amaro 2018; Sousón 100% de Adega Señorío de Rubiós (Condado D.O. Rias Baixas)

“Mil rios”; de adega Terriña (Petin); D.O. Valdeorras.

Branco:

“A Coroa”; colleita 2025 (Godello 100%) da Adega A Coroa (D.O. Valdeorras)

“Mar de Ons Barrica”; Colleita 2021; Alvarinho 100%; Adega Aguiuncho-Sanxenxo (D.O. Rias Baixas).

“Val de Nairoa”; Colleita 2022; Treixadura 57%, Alvarinho 40%, Lado 2%, Loureira 1%, de Adegas Nairoa –Arnoia (D.O. Ribeiro)

Os asistentes foron obsequiados cun libro : “A Ribeira Sacra histórica” do Cofrade Alberto Cacharrón Mojón.



Gaiteiros Redegaitas, de Ourense.

Ourense, onde a Terra faise viño

Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

O galeguismo de Pepe Cotarelo

O recente falecemento de Xosé Antón García Cotarelo, figura importantísima na construción da autonomía galega, tráeme á memoria as moitas conversas que mantivemos mentres permaneceu depempeñando o cargo de Secretario Xeral Técnico e de Relacións Institucionais da Vicepresidencia da Xunta de Galicia. Chegou a Compostela en 1982 e fôise en 1990. Durante este período de tempo puxo en pé a organización da administración autonómica dotándoa de alma galega. Foi un gran negociador coa administración central para acadar transferencias.

Nunca se lle recoñeceu o seu traballo de arquitecto da complexa andamiaxe organizativa da autonomía galega. A algúns parecemos unha inxustiza que temos que reparar. Por esta razón a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, da que formou parte, foi ao rescate dunha biografía nunca ben valorada para formar parte da memoria da institución autonómica, promovendo algúns actos como o do nomeamento de Fillo Predilecto do Concello de A Pontenova onde nacera e tiña casa aberta con fume. Tamén solicitamos para el o recoñecemento público outorgándolle a Xunta de Galicia calquera



das medallas que anualmente concede.

Penso que é importante que sinala algúñas das súas afortunadas mediacións para o robustecemento do noso patrimonio identitario:

1) A publicación monolingüe do DOG, descartando o modelo da dobre columna, en castelán e galego. Esta foi unha teima reiterada pola AFNLG para que o funcionario se fose avezando no uso da lingua galega nos procedementos administrativos. Tres días despois o Parlamento de Galicia, seguindo tamén o pedimento da AFNLG, publicou a súa edición monolingüe do Boletín Oficial.

2) Cando o Servizo de Normalización

Lingüística do Concello de Redondela lanzou a proposta de galeguización das festas populares, incluíu no catálogo de medidas a interpretación do Himno Galego no momento da consagración das misas patronais, privilexio reservado deica entón ao himno español. A execución da partitura que facían as bandas de música tiña modalidades que lle restaban marcialidade. O compositor Rogelio Groba, daquela director da Banda Municipal da Coruña, fixo a instancias de Pepe Cotarelo os arregros orquestrais pertinentes. Cando escoito en lugares tan solemnes a interpretación do noso Himno, e así fareino sempre, lembreime emocionado de Pepe Cotarelo.

3) Cotarelo puxo en marcha os servizos lingüísticos da Xunta de Galicia que logo imitou o Parlamento de Galicia.

4) Creou o Servizo de Publicacións da Xunta de Galicia no que publicou unha colección de "Clásicos en galego", dedicada á tradución ao galego de textos latinos. A el débese a tradución das Elexías de Tíbulo.

O derradeiro correo electrónico que conservo del é do 11 de xaneiro. Nel dicíame: "Agora mándoche a tradución dos Eposos de Horacio. O limiar está sobrecargado de tecnicismos e mesmo de pedanterías. Prescinde dos apartados dedicados á métrica e díme a túa opinión da tradución. E, por favor, sinalame os posibles

fallos no galego". Así de humilde era Pepe Cotarelo.

A derradeira vez que falamos telefonicamente foi polo San Xosé. Deixoume saudades. Mesmo fixáramos unha data para irmos xantar a un restaurante de Barbeitos, no Concello da Fonsagrada, e pasar uns días comigo e a miña filla en San Martín de Suarna.

Deixounos escrita a súa manda testamentaria que eu lle pedira para o libro "En galego, agora e sempre". Velaquí un parágrafo: "E porque pasei tantos anos fóra da terra que me criou, mándolles tamén aos meus herdeiros que se conserven fieis a Galicia e á súa fala, se é que pensan que esa foi a miña dignidade, e que contribúan, por amor a Deus e dos homes, nosos irmáns, a coñecer os problemas da terra e querela nas súas glorias e desgrazas, sen partidismos e mirando pola xustiza e pola liberdade dos homes, e sempre afastados do dogmatismo ou dunha cruel paixón".

Pepe Cotarelo falaba galego porque pensaba en galego. Esta é a definición máis acaída para explicar o seu amor pola lingua. Alguén haberá que algún día perpetúe a súa memoria na sede da Xunta de Galicia. Ten méritos abondos para que así sexa.



Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Medidas estatais insuficientes, medidas autonómicas inexistentes

A escalada bélica no Irán é o motor dunha nova ondata inflacionaria que ameaza con crebar unha economía galega xa moi castigada. A publicación no BOE dos novos Decretos-Leis do Goberno do Estado pon sobre o taboleiro un abano de medidas que, se ben pretenden ser un dique de contención, adoecen da mesma doenza de sempre: o centralismo uniformador que ignora a nosa realidade nacional e maila falla de afouteza para tocar os cimentos do poder financeiro e enerxético.

O Goberno do Estado teima nunha estratexia de rebaixas de IVE e bonificacións lineais que, sobre o papel, semellan aliviar o peto do cidadán e dalgúns colectivos que mais sofren esta ondata. Tamén adoptan algunha medida enerxética interesante, como a potenciación do autoconsumo eléctrico, do consumo da enerxía na contorna onde se produce, no canto do carísimo transporte no que se alicerza o sistema enerxético do Estado español.

Fronte a este modelo de curto alcance e, por riba de todo, pouco concreto nos seus efectos por se definir dende un centro madrileño que-seica-todo o sabe e todo o entende o BNG ten proposto un modelo



galego, actuando sobre o treito autonómico do IRPF para aliviar as rendas medias e baixas, combinada cunha redución selectiva de impostos indirectos sobre os alimentos que producen os sectores máis castigados - como o agrario-gandeiro e o pesqueiro-, o que permitiría unha cirurxía moito máis precisa que o bisturí romo de Madrid. Galicia ha ter, tamén, a capacidade de gravar fiscalmente os beneficios caídos do ceo das grandes eléctricas que espolian os nosos ríos e o noso vento, para financiar, precisamente, esa rebaixa fiscal ás familias e pemes galegas. O que reconduce o debate, como adoito, cara a tarifa eléctrica galega.

Mentres o debate ferve, a Xunta de Alfonso Rueda permanece nunha sorte de hibernación política, renunciando exercer as súas competencias tributarias para deseñar un paquete de axudas de noso. A

parálise do PP galego é a mellor proba da súa subordinación ideolóxica: prefiren criticar a Madrid por sistema antes que exercer como o Goberno dunha nación con problemas específicos. A Xunta ten o deber de complementar os Decretos do Estado, non de agardar a que o BOE lle resolva a papeleta. Galicia necesita un Plan de Choque nacional que mova os orzamentos da autonomía cara aos fogares e ás pemes, e non cara á propaganda dun autogoberno de cartón pedra.

Un dos puntos de maior fricción nesta crise é, sen dúbida, o acceso á vivenda. Os desfuzamentos son a expresión máis cruel do fracaso dun sistema. Porén, a solución non pode pasar por cargar o custo social exclusivamente sobre os ombreiros dos pequenos propietarios, ás veces aforradores que dependen desa renda para completar unha pensión miserenta. Polo de agora na Galicia ninguén propuxo o que nos cómpre: definirmos un sistema equilibrado e xusto a medio da creación dun Fondo Público de Garantía do Alquiler. Este mecanismo actuaría cando se detecte unha situación de vulnerabilidade sobrevida (perda de emprego, falla de pagamento por crise enerxética, insuficiencia de recursos...). A Xunta como Administración competente (no marco financeiro estatal

dos recursos dun Plan estatal de Vivenda transferido na súa totalidade a Galicia) asumiría o pago da renda directamente ao propietario -sempre que este sexa persoa física e xurídica cun número limitado de inmobles (menos de 4 ou 5)-, evitando deste xeito o prexuízo económico da persoa arrendadora. Ao mesmo tempo, paralizaríase o despexo do alugatarío, transformando a súa débeda nunha obriga do mesmo coa Xunta, que sería xestionada mediante plans de acompañamento social ou condonada, de ser o caso, segundo criterios de renda e grao de vulnerabilidade. Deste xeito, blindamos o dereito constitucional á vivenda sen converter o pequeno propietario no financiador das carencias do Estado de Benestar. Pondo, ao tempo, os alicerces para unha maioría parlamentaria estatal no resto da lexislatura para esta caste de medidas.

Galicia non pode seguir sendo un convido de pedra nas crises globais. Precisamos un Poder Galego que non teña medo a intervir no mercado, que use a fiscalidade como ferramenta de redistribución e que protexa a súa xente dende a intelixencia e o compromiso nacional. A inacción da Xunta e as insuficiencias do Estado déixannos ao pé dos cabalos. É hora que como País decidamos, mirando polo noso.



CONDADO/PARADANTA

Aprobados proxectos do Plan +Provincia para Salvaterra

O Consello de Xunta Local de Salvaterra aprobou os dous primeiros proxectos que se financiarán a través do Plan +Provincia 2026. Por un lado a cofinanciación do III Plan de Infraestruturas Deportivas da Deputación de Pontevedra, de máis de 314.000€ destinado á renovación das instalacións do Pavillón Cándido Carrera.



Así mesmo, aprobouse o proxecto de mellora do acceso ao polígono industrial Chan da Ponte polo Casal, unha actuación que supera os 218.000€ e que empeza no entronque da PO-403 co camiño Bouza do Viso, que comunica o Polígono Chan da Ponte, e que non ten zonas peonís definidas e que conta cun importante tráfico rodado.

A Xunta mellora infraestruturas nas Neves

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, acompañada pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez; visitou o Concello das Neves, onde se veñen de acometer diferentes actuacións en materia de optimi-



zación de infraestruturas rurais a través dun investimento conxunto de preto de 270.000€. Entre estas iniciativas destacan a mellora na estrada de Pousadouro e o Plan Camiña Rural para pavimentar os camiños da Cernada Garavisco e da Ribadeira.

A Feira do Requeixo e Mel en Lisboa

O Alcalde das Neves, José Manuel Alfonso, presentou o programa da XXXIII Feira do Requeixo e Mel das Neves, declarada Festa de Interese Turístico de Galicia, no Centro Galego da capital portuguesa.

Durante o acto realizouse a degustación dos produtos protagonistas da feira que se desenvolverá desde o 21 de marzo ata o 4 de abril, combinando pro-



postas gastronómicas, culturais, musicais e familiares. O acto en Lisboa serviu igualmente para honrar a persoeiros como Ramiro Vidal Carrera, nacido na Carrasqueira de Taboexa en 1887, e quen emigraría a Lisboa e dedicaría a súa vida á restauración e á hostalaría así como cronista de distintos xornais, político e cofundador da "Xuventude de Galicia" en Lisboa no ano 1908.

A Coral Polifónica, premio "Arbense Distinguido 2026"



Coincidindo co seu 30 aniversario, o Concello decidiu outorgar á Coral Polifónica o recoñecemento como "Arbense Distinguido 2026" considerando que esta entidade constitúe "un símbolo de unión e de orgullo" para o municipio á hora de "encher de arte

o Centro Multiusos" e ser "o motor do noso Certame Galego de Corais". A distinción homenaxea a persoas como Ángeles e Sindo de Cequeliños, Fita da Chan, Inesita, Raquel, Jose Antonio, Norita, Chus e o director Víctor Fernández Nogueiras pola súa dedicación neste empresa.

Arbomostra consolida o seu liderado enoturístico

Do 24 ao 26 de abril, coincidindo coa Festa da Lamprea, as adegas de Arbo estarán presentes na Carpa Arbomostra, ofrecendo degustacións e mostrando a calidade das súas elaboracións, destacando as variedades autóctonas como Albariño, Treixadura e Loureiro.

Entre as adegas que participan

na oferta vitivinícola e enoturística do municipio destacan: Pazo Pondal, Eidosela, Marqués de Vizhoja, Eidonovo, Carballedo de Sande, Adegas Galegas, As Laxas, María Begoña Troncoso, Adegas do Ricón, Chan de Vide e Adegas Miguel Ángel Alonso, cuxa labor resulta esencial na promoción exterior do territorio.

"Cultiva a mente" contra o Alzheimer

O Concello de Salvaterra e AFAGA (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias) poñen en marcha o programa "Cultiva a mente", iniciativa destinada á prevención do deterioro cognitivo para persoas maiores de 55 anos. O programa conta coa colaboración da

Xunta, en liña coas recomendacións da OMS.

"Cultiva a Mente" desenvolverase na Casa do Maior de Leirado a partir de abril, con sesións semanais, nas que se traballará a estimulación cognitiva, os consellos para o coidado do cerebro e o fomento da socialización e das emocións positivas.

Xornadas técnicas sobre traídas de augas

O Museo Arbo-Arbo celebrou unhas xornadas técnicas gratuítas sobre as traídas de auga veciñais no marco do programa de "Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra", financiadas

pola Deputación e impartidas pola firma especializada Rodespi.

A xornada abordou temas como a presentación do Plan Sanitario da Auga (PSA), o control de calidade e os procedementos correctos para a toma de mostras, aspectos

críticos para a seguridade da saúde pública; eficiencia e Mantemento das instalacións e optimización das infraestruturas existentes; guía de cumprimento legal; e solicitude das subvencións +NOVAQUA e +AQUA para o exercicio 2026.

ELECTRICIDAD



BOUZA

ALFONSO Y DANIEL, S.L.

ILUMINACIÓN
Instalaciones en general
Reparaciones
Instalación de sonido
y telefonía interior

bouza@electricidadbouza.com

Rosalía de Castro, 7
Telf. y fax: 986 641 565
PONTEAREAS



ALONG GROUP

- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios Inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra
Tel: 886 155 341 / 698 190 794
info@grupalong.com www.grupalong.com



CAFETERIA

Puzo - San Mateo - Ponteareas
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090

Despachos:
Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
Salvaterra de Miño
C/. Rosalía de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

24 comercios na III Ruta Pinchoterra

Do 2 de abril ata o 1º de maio, o Concello de Salvaterra celebrará a III Ruta Pinchoterra na que participarán 24 establecementos de hostalería local, con pinchos de elaboración cuidada cun prezo único de 3€.

Como novidade nesta edición, será necesario conseguir catro selos diferentes no pasaporte da ruta, ademais de votar polo pincho favorito e depositar a papeleta



nas urnas habilitadas. Tamén haberá sorteo de distintos premios: vales de 200, 100 e 75€ para consumir nos establecementos adheridos, así como outros 34 premios adicionais.

25 aniversario de "O Son da Muralla"

Lara Meneses, directora xeral de Xuventude da Xunta de Galicia, visitou Salvaterra para reunirse coa Alcaldesa Marta Valcárcel e concretar os preparativos da celebración do 25 aniversario do festival "O Son da Muralla", evento que terá lugar o 1º de agosto. Para conmemorar este acontecemento



contarase coa presenza do aclamado DJ internacional SASH!

Festa da Sementeira

Asociación Cultural Quinta do Piñeiro presentou no Pazo de Barreiras de Salvaterra a programación da Festa da Sementeira que se levará a cabo os días 8, 9 e 10 de maio.

Ademais das xornadas específicas para a CRA A Lagoa, ACCESCA e ADAPTA destacan os concertos de Bareixa, Stormentos, Sapocinho Sem Poncho, Meizoí, Os Varuncas, Kortalumes, SÉS, Orquestra Bravú Xangai, o Caimán do Río Tea, os DJs de la Duendeneta, Sons da Raia, Naiama, Os Carunchos, Hijos de Puchini, os Festicultores Troupe, Xa e Sons das Tabernas. Tamén



haberá espectáculos infantís con Duende Circo, gastronomía, artesanía e unha exhibición de tractores clásicos no Muíño da Ponte. O pregón correrá a cargo da Cofradía do Txuletón.

Emprego inclusivo



Nos meses de maio e xuño, a Fundación Érguete-Integración, en colaboración co Concello de Salvaterra, pon en marcha na Aula de Capacitación Dixital da Casa

Cultura o curso "Auxiliar de almacén e atención ao público", que contará con 190 horas de formación, das que 80 se corresponden con prácticas en empresas.

"Terras Vivas" para a inclusión no rural



Co apoio da Xunta, o Concello de Salvaterra e a Asociación Provienda colaboran no desenvolvemento do programa "Terras Vivas: Camiños cara á inclusión social e laboral no rural de Galicia".

O programa inclúe itinerarios de integración personalizados,

ofrecendo orientación profesional, apoio na procura activa de emprego e orientación ao longo de todo o proceso de incorporación ao mercado laboral. Tamén se teñen en conta outros factores que inflúen na inclusión social, como a situación de vivenda dos participantes.

Mellora de estradas en Salvaterra

Xunta de Goberno Local de Salvaterra aprobou o proxecto de Mellora da capa de rodadura de camiños municipais cun investimento de 259.000€ en 7 parroquias: Fraga do Rei - Vilacoba, na Carrilla e Rúa Nova en Arantei, en Pazos -

Meder; no Barral, San Prins e Currás en Leirado, en Grixó - Alxén, Pedrafurada-Oleiros e no Casco en Fornelos.

Unirase a este plan a mellora da pavimentación entre Muíño da Ponte en Corzáns e Nogueiró - Meder por un importe de preto

de 100.000€ financiado pola Xunta e a mellora da pavimentación no vial Fillaboa - Grixó en Alxén e Fraguíñas - Igrexa en Fornelos solicitado a través do Plan Camiños Rurais 2026-2027 por un importe de preto de 80.000€.

Humanización da Capela de San Roque

A Deputación de Pontevedra ven de confirmar os proxectos financiados co II Plan Extra, entre os que se inclúen a

modernización e humanización do entorno da Capela de San Roque, por un importe de 787.000€. A iniciativa prevé a creación dunha

plataforma única, ampliando as zonas peonís e reducindo o ancho da vía de vehículos con criterios de mobilidade "amable".

CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR
O REMENDÓN
 637 764 865
 www.cerrajeroremendon.es 24h.

Talleres Guiller Motor
 Puzo-Lira, 24
 36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
 Venta de vehiculos usados
 Tel./Fax 986 66 15 41
 (SPG) TALLERES

milfollas
 LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA
 986 66 79 13 - Carballos, 10 - Pontearreas
 milfollas@mundo-r.com

BAIXO MIÑO

TUI

Unha Semana Santa de patrimonio histórico e cultural

Tui presentou a súa programación de Semana Santa que do 22 de marzo ata o 5 de abril porá en valor o seu patrimonio histórico e cultural.

Na presentación participaron o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro; a concelleira de Ensino, Cultura e Mocidade, Sonsoles Vicente Solla; o prior da Irmandade do Doce Nome de Xesús e Santa Casa da Misericordia, párroco de Tui e cóengo da Catedral, D. Santiago Freire Comesaña; o presidente da Asociación de exvoluntarios de Protección Civil de Tui - Cristo da Agonía, Juan José Sio Castro; e o



representante da Asociación Amigos da Catedral, Xosé María Lores Pérez. Tamén estivo presente Xosé María Lores, en representación

da Asociación Amigos da Catedral, que en 2012 estableceu a iniciativa de contar cun pregón da Semana Santa.

Vetan a creación dunha comunidade de propietarios en Caldelas

Sete propietarios das vivendas do antigo Cuartel de Caldelas expresaron a súa negativa o pasado 12 de marzo sobre a creación dunha Comunidade de Veciños ata que o Concello, principal impulsor desta iniciativa, non acometa o sanea-

mento deses inmobles.

O Concello é propietario de 12 das 19 vivendas que pasaron a ser de promoción municipal en 2007. O Alcalde Enrique Cabaleiro defendeu a legalidade da constitución desta comunidade. Non obstante, unha recente sentenza

xudicial deu a razón a un dos seus propietarios, quen demandou ao Concello por deficiencias na vivenda, valoradas en 21.000€, asegurando que tivo que abandonar a mesma. Outros dous propietarios aduciron a mesma situación.

V Encontro de Viños da Raia en Tui

A Praza da Inmaculada presentou este 25 de marzo o V Encontro de Viños da Raia a celebrarse no marco da programación das festas de San Telmo os días 4 e 5 de abril.

No acto participaron o Alcalde Enrique Cabaleiro, a concelleira de Turismo, Ana Núñez, Olalla Ruibal da Adegas Edmun do Val, e Pilar Rolán de Adegas Rolán, en representación das 17 adegas, doce galegas e cinco portuguesas, que participarán neste evento.



Este encontro enogastronómico iniciado en 2021 contará igualmente coa participación do sumiller tudense Juanjo Figueroa e

o cocinheiro Ángel García, quen presentará como novidade gastronómica a utilización da ostra en estilo gourmet.

II edición de CaixaSon



Os centros educativos de Tui e Valença repetirán a experiencia de inclusión a través da cultura e da música con CaixaSon, unha iniciativa promovida polo IKFEM Festival Tui-Valença co apoio de BPI-Fundação "La Caixa" e que

chega a súa segunda edición. Ao fronte dos talleres situarase o profesor Júlio Viana, contando cunha colaboración especial do alumnado dos centros educativos de Tui e Valença e se incorpora a Asociación San Xerome de A Guarda.

Piden paralizar o aeródromo de Entenza

As Comunidades de Montes de Caldelas e Baldráns, así como varias asociacións tudenses, solicitaron a paralización do proxecto de aeródromo privado na zona de Chan de Castro na parroquia salcedense de Entenza, destinada á aviación deportiva con naves ultralixeiras.

A instalación incluíría unha pista de 500 metros de lonxitude e 15 de ancho así como un hangar para 10 o 14 aeronaves. Estas entidades argumentan o risco para a seguridade pola proximidade de áreas residenciais e educativas así como o seu impacto no entorno ambiental.

Centenario do Tyde FC

O Tyde FC celebrou este 29 de marzo o seu centenario nun encontro coa Selección Mexicana sub19, oncena que resultou gañadora por marcador de 3-4.

O carácter institucional do evento quedou reforzado coa presenza do presidente da Federación Galega de Fútbol, Pablo Prieto, o seu vicepresidente, Fernando Iglesias, o Alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, así como exxogadores, adestradores, directivos e colaboradores do Tyde



FC que recibiron o cariño e recoñecemento do club e do público. O Concello agasallou a ámbolos dous equipos cunha réplica do Pórtico da Catedral de Tui.

Óptica mahen
mahen Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-36-000038
P O N T E A R E A S
rúa senén canido, 4

**forjados
hinos. durain s.l.**

www.forjadosduran.com

TUI

Unha ponte internacional con 140 anos de unión e solidariedade

Tui e Valença celebraron este 25 de marzo o 140 aniversario da Ponte Internacional que une os dous municipios. Para conmemorar este efeméride, o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, e o presidente da Cámara de Valença, José Manuel Carpinteira, xunto a membros das corporacións municipais, realizaron a solta simbólica de 250 pombas.

Cabaleiro e Carpinteira coincidiron en sinalar como esta Ponte, obra do arquitecto Pelayo Mancebo, é moito máis que unha in-



fraestrutura que comunica dous países, xa que “simboliza á perfección os valores europeos de cooperación, liberdade e fraternidade, hoxe máis necesarios que nunca”.

Orzamento histórico de 13,7M€

En sesión plenaria municipal, o Concello de Tui aprobou para este 2026 o orzamento máis alto da súa historia por importe de 13.691.522,62€, o que supón un incremento do 10,70% con respecto ao 2025. O documento contou coa abstención do BNG e o voto en contra do PP.

A maior subida no gasto corrente corresponde ao SAF debido a un novo contrato rexistra unha subida de 443.574,20 €, un 79,13%. A liquidación orzamentaria do exercicio 2025 da conta dun remanente de tesourería para gastos xerais de 6.420.766,79 € ao que terá que incrementarse preto de 1M€ cos ingresos pola apertura



rúa Ourense, entre outros. Tamén sube nun 7% o capítulo dos salarios do persoal laboral e funcionario.

No apartado de investimentos destacan actuacións no cemiterio de Baldráns, o arraxo do lavadoiro

de San Domingos, a creación dunha Aula de Estudo, a mellora de pavimentación en Camiños Rurais, unha rampla de accesibilidade á praia da Metralla e a adquisición de luminarias led e contedores, entre outros.

O pasado romano na praza do Pracer

O Concello avanzará na investigación dos importantes restos arqueolóxicos romanos atopados entre xaneiro e febreiro na praza do Pracer, en pleno conxunto histórico, dentro do proxecto de reforma e reurbanización deste espazo, no marco do Plan de Sostibilidade Turística en Destino, PSTD, “Vive a Historia, Descubre Tui: Conexión sostible entre pa-



trimonio e natureza”.

Nas sondaxes atopáronse muros, pavimentos, estruturas de drenaxe, unha escaleira e unha estrutura circular interpretada como pozo ou silo de almacenamento datados entre os séculos I e IV d.C. Este material confirma a ocupación romana deste espazo, e constitúe unha valiosa achega de información, até o de agora descoñecida, sobre o Tude Romano.

Premios Cidade de Tui 2026

A Xunta do Goberno Local acordou que a escritora Marga do Val na categoría individual; e o Tyde F.C. na categoría de colectivo recibirán os premios Cidade de Tui de 2026 o vindeiro 4 de abril na gala que se realizará no Teatro Municipal.

Os galardoados foron recoñe-



cidos pola súa achega á cidade e á sociedade tudense en diversos ámbitos. O Tyde F.C cumpre o seu centenario este 2026 mentres a escritora Marga do Val, fundadora e presidenta do Instituto de Estudos Agrarios “Mártires de Sobredo”, ten unha prolífica traxectoria literaria.

Marián Mouriño, pregoeira das Festas de San Telmo

A presidenta do R.C. Celta de Vigo, Marián Mouriño, foi á pregoeira das Festas de San Telmo deste ano 2026. A lectura do pregón, marcou o inicio oficial dos festexos o 4 de abril na praza da Inmaculada.

O Teatro Municipal de Tui, o Espazo Feiral, a praza da Inmaculada, o Paseo da Corredoira e o Espazo Sociocultural, serán parte dos escenarios nos que se desenvolva o amplo programa



destes festexos na honra a San Telmo, declaradas de Interese Turístico Galego.

“As murallas de Tui”

O historiador tudense Rafael Sánchez Bargiela presentou no Espazo Sociocultural este 27 de marzo o seu libro “A murallas de Tui” Bargiela, ao abeiro do proxecto europeo Interreg Poctep “FarPax e como parte dun proxecto transfronteiriño que inclúe aos municipios de Almeida, Marvão, Valença, Ciudad Rodrigo e Tui.

A obra aborda o acervo patrimonial que Tui conserva no marco dos tres sistemas amurallados cos que contou ao longo do tempo: a muralla medieval



do século XII; a antemuralla ou falsa braga do século XV; e a posterior ampliación do perímetro amurallado no século XVII e XVIII. O libro é gratuito.



BAIXO MIÑO/VAL MIÑOR

Irmandamento Nigrán-Cabo Verde

O Concello de Nigrán e o municipio caboverdiano de Tarrafal acordaron oficialmente o seu irmandamento durante a visita institucional a Cabo Verde dunha delegación galega encabezada polo alcalde nigranés, Juan González, tamén presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.



Nigrán financia con 20.000€ un proxecto agrícola en zonas remotas de Tarrafal, situado na illa de Santiago, concretamente en Ribeira da Prata e Fontao, que beneficia a 24 familias. Outras actuacións previstas inclúen a instalación dun sistema de microirrigación para facer fronte á seca.

“Descubrir O Rosal paso a paso”

O Concello puxo en marcha este 28 de marzo un novo ciclo de andainas interpretativas cunha primeira ruta polo monte comunal das Eiras, os petróglifos do Ghorghalado e a Capela da Madalena, no marco do programa “Descubrir O Rosal paso a paso” para coñecer a riqueza paisaxística, histórica e patrimonial do municipio a través dunha experiencia guiada e participativa.



185.000€ para Nigrán e Baiona

A Deputación de Pontevedra asignou un total de 185.000€ no marco do Plan +Provincia 2026-2027 para os Concellos de Nigrán e Baiona para a realización de actividades así como para gasto corrente.

Baiona recibirá 89.000€ para



iniciativas como a escola de verán, Baiona Lila, Baiverán 2026 e a Festa do Carme, entre outros. Pola súa banda, Nigrán recibirá 96.000€ para eventos culturais e de ocio como Solpor Monteferro, Nigrán Jazz, Parrulas Fest, Atlántica ou Vermú de Barrio.

A licitación a senda A Guarda-Camposancos

O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, visitou A Guarda para anunciar a licitación das obras dunha nova senda peonil na estrada PO-352, entre A Guarda e Camposancos, cun investimento próximo aos 1,3M€. A senda transitará pola marxe dereita da estrada ao longo de varios tramos, cunha anchura de 2 metros e unha superficie total de máis de 5.200m². O proxecto



inclúe tamén a execución de once muros de contención para adaptar o terreo ás zonas de drenaxe.

AECT: “O Río Miño non é prioridade na cimeira luso-española”

O director da AECT Río Miño, José Manuel Vaz Carpinteira, lamentou que a Declaración Conxunta da XXXVI Cimeira Luso-Española non presentase respostas estruturais para os principais problemas que afectan ao treito internacional do río Miño, a pesar dos avisos e as solicitudes for-

mais presentadas previamente polo territorio realizacos en setembro de 2025.

Entre estas preocupacións destacaban o asolagamento progresivo do río, a proliferación de especies exóticas invasoras e os impactos derivados da xestión dos caudais transfronteiriños.

Transformación enerxética

O Concello de Tomiño mellorou o consumo enerxético de 15 edificios municipais, varios colexios e espazos públicos un investimento de máis de 5,3M€ de fondos europeos Next Generation e propios

Entre as medidas realizadas destacan a instalación de paneis

fotovoltaicos ou o cambio de por tecnoloxías LED de baixo consumo, substituíndo xa o 42% das 7.000 luminarias municipais, coas que se prevé un aforro enerxético superior ao 60%. As actuacións se realizaron nos colexios Barrantes, Pedro Caselles Beltrán e da Galiña Azul, a praza do Seixo, en Goián.

Novas normativas urbanísticas

O Concello de Oia informa de que a Modificación Puntual número 1 das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal foi aprobada definitivamente pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e xa está plenamente en vigor.

Esta modificación supón a

adaptación da norma municipal de 1996 á normativa superior vixente e introduce cambios relevantes: altura mínima dos locais comerciais e de oficinas de 2,50 metros, en lugar dos 3 metros; e cambio de uso en situación de “fóra de ordenación” en inmobles que antes quedaban limitados por esta situación.

Días Europeos da Artesanía

O edificio do Mercado Municipal de Oia celebrará o 12 de abril os Días Europeos da Artesanía cunha xornada especial de obradoiros participativos baixo o título “Artesanía na Praza”, unha iniciativa coordinada por

Fe González (arelade) e conta co apoio da Fundación Artesanía de Galicia, a Xunta e o Concello. Impartiranse cursos sobre cerámica, xoiería, traballo en coiro, tecido en lá e madeira da man de diversos profesionais.

ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Ponteareas T. 986 66 00 00

GASOLEOS TEA
Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN
SERVICIO A DOMICILIO
PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89
A GUARDA | 986 61 43 61
REPSOL

Ultimátum para o derribo do Talaso Atlántico

O Tribunal de Instancia do Xulgado do Contencioso Administrativo número 3 de Pontevedra concedeu o pasado 12 de marzo un prazo de dez días para que o Concello de Oia inste “de xeito inmediato” á empresa Balneario do Atlántico, para proceder coa demolición das instalacións do complexo Talaso Atlántico.

Con esta decisión a xustiza busca facer cumprir con anteriores resolucións sobre a legalidade desa concesión así como o seu impacto paisaxístico. O Concello respondeu anunciando un plan de



encaixe para preservar esta instalación que considera vital para a economía local, especialmente en materia de turismo de benestar. Pero o ultimátum xudicial complica esta posibilidade.

A Casa Peralba será unha biblioteca

Tras ser adquirida como patrimonio municipal en 2021, o Concello de Gondomar iniciou o proceso de concurso da redacción do proxecto de transformación da Casa Peralba nunha Biblioteca infantil e xuvenil. O monto desta iniciativa será de 55.660€ cunha duración de cinco anos. Na actuación se prevé igualmente manter a sala da Casa da Cultura.



30.000€ para a Agrupación Musical de Goián



Alcaldesa do Concello de Tomiño, Sandra González, e a presidenta da Agrupación Sociocultural de Goián, Pilar Ramos, asinaron un convenio polo que se subvencionará con 30.000€ á Agrupación Musical de Goián e a súa Escola de Música.

Baiona aproba o seu maior orzamento

O pleno municipal de marzo aprobou un orzamento de 12.696.714,34€, un 6,52% superior ao do 2025, sendo este o maior na historia do Concello.

Destacan o control de gasto, pasando de 1.817.000€ de facturas sen abonar do ano 2022 aos 394.015,02€ de 2025.

En canto a partidas orzamentarias destacan servizos municipais, zonas verdes, o SAF, recursos humanos, AMPAS, a mobilidade



co proxecto “Val Miño, a Cidade dos 15 minutos” e a mellora da planta potabilizadora da ETAP.

ZONA FRANCA VIGO

Líderes en innovación

A Zona Franca de Vigo, clave na soberanía tecnolóxica de España e Europa. O VgoTIC globalHUB converterase no principal polo tecnolóxico e de innovación e reforza o emprego tecnolóxico que, cunha porcentaxe do 13,4%, lidera o ranking das grandes urbes do Estado de máis de 200.000 habitantes e duplica a media estatal do 6%.

A Zona Franca non so contribúe co seu músculo a esta posición senón que a reforza coa instalación no complexo de López Mora da incubadora de Alta Tecnoloxía StartTIC e do Centro de Excelencia do Aeroespacial y Defensa de INDRA.



MISCELANEA

Entrevista de Sergio Casal | Nós Diario

Guillermo Rodríguez reflexiona sobre os retos actuais da prensa

"Para distinguir o bo xornalismo habería que comezar por distinguir o mal xornalismo"

Guillermo Rodríguez, director do xornal Novas do Eixo Atlántico, leva décadas impulsando un proxecto que conecta Galiza e Portugal a través da información. A súa traxectoria reflicte unha defensa firme dun xornalismo crítico, independente e de proximidade.

Que lugar ocupa Novas do Eixo Atlántico no ecosistema mediático galego/portugués actual?

Novas do Eixo Atlántico tenta ser un altafalante entre as dúas bandas do río Miño, o denominado Alto Minho portugués. Obviamente non o consegue da maneira en que a nós nos gustaría pero, a falta de algo mellor, tentamos manter o tipo.

Por que é importante a perspectiva do Eixo Atlántico para o noso xornalismo?

Se aceptamos que o galego/portugués segue sendo unha lingua común inda con variantes cada vez máis pronunciadas, aceptaremos que Galiza deba contar cun instrumento informativo suficiente para que a deriva non siga afondando. Claro que aquí entran en conflito inte-

reses económicos e políticos. De aí que dos moitos intentos que se levan feito, ninguén fose quen de pór nas mans de galegos e portugueses un medio de comunicación serio, solvente e comprometido. Nós facemos o que podemos, que resulta insuficiente, claro está.

Como mudou o xornalismo nas últimas décadas?

No xornalismo lévase décadas traballando pro domo sua, que dicían os latinos. Aquí non importa a verdade, senón que os intereses duns cantos se presenten como tal, á marxe da información. Con botar unha ollada aos Consellos de Administración das distintas cabeceiras da Galiza e do resto do Estado xa temos suficiente para saber por que temos que sufrir tantos abusos informativos

e tantas mentiras descaradas sen que ninguén se poña colorado. Ante isto, non vexo solución a curto prazo. A esquerda española non se decata da súa impotencia para chegar ao público xeral ao non dispor de medios de información serios e comprometidos. Nas monarquías dos séculos pasados, os ricos tiñan os xornais; logo pasaron a ser as empresas controlando os Consellos de Administración. Hoxe seguen sendo os mesmos: algúns descendentes daqueles monárquicos dos que ninguén se lembra, pero eles ben se lembran de seguir sendo os donos da torrada.

Nun mundo saturado de información, que distingue hoxe o bo xornalismo?

Para distinguir o bo xornalismo habería que comezar por distinguir



o mal xornalismo. E coa información e formación que ten a poboación xeral como se vai distinguir cal é bo ou mal xornalismo? Nas escolas ou nos institutos non se ensina a ler un xornal de maneira crítica e obxectiva. Iso déixase para a dereita, que dispón de centos de voceiros chamados "medios alternativos". E arriman a brasa á súa sardiña, obviamente.

Que retos afronta hoxe a información de proximidade?

A información de proximidade atópase co eterno problema: a ninguén lle interesa que se fale

mal do seu alcalde ou alcaldesa porque en calquera momento pode axudalo a resolver un problema particular, aínda que non sexa moi honesto. O caciquismo de guante branco segue tan presente como cando Bugallal dominaba media Galiza Sur. Logo, quen escriba algo que non guste ao poder local, xa é un inimigo. Os xornais de ámbito local só poden resistir coas migallas da publicidade que deixan os grandes rotativos e non poden estirar a perna máis do que dea a manta, porque o constipado estaría asegurado.

1951 2026

NOSOTROS
TEMPORADA 25/26

ABONOS

CAMPAÑA DE ABONADOS

INDIVIDUAL - 50€
FAMILIAR - 60€
SUB 25 - 25€

677 03 47 25

Unha nova achega bibliográfica de Anxo S. Porto Ucha e Raquel Vázquez

Porto Ucha, A. S. e Vázquez Ramil, R. (2026). *La huella de la Institución Libre de Enseñanza en Galicia. Estudio bioprofesional de autores*. Pontevedra: Ediciones Agoeiro, 275 páxinas.

Coincidindo coa celebración do cento cincuenta aniversario de creación da Institución Libre de Enseñanza (ILE, 1876), Anxo Porto e Raquel Vázquez presentan un amplo estudo sobre as relacións de Galicia coa ILE, tema ao que levan dedicadas unhas boas partes das súas investigacións dende as respectivas teses de doutoramento: a de Porto Ucha sobre La Institución Libre de Enseñanza



en Galicia (UNED, 1985) e a de Vázquez Ramil sobre La Institución Libre de Enseñanza y la educación de la mujer en España: la Residencia de Señoritas de Madrid (USC, 1989).

Galicia foi un bo exemplo de proxección do movemento krauso-institucionista cara á periferia. Hai nesta in-

vestigación un esforzo por continuar afondando en todas aquelas persoas e entidades que tiveron relación, directa ou indirecta, coa ILE, elaborando nesta ocasión un detallado estudo bioprofesional de autores.

A primeira parte, teórica, de carácter introdutorio, abrangue os precedentes ideolóxicos da ILE, dos que xorden moitos dos nomes que se recollen na segunda parte do estudo, cun breve apunte biográfico dos que deixaron a súa pegada en Galicia e que son neste caso 175 homes e mulleres de distintas orientacións profesionais e ideolóxicas, coma as irmás Lago Couceiro (Pilar e Pura), que viviron en Ponteareas.

Conxemar se consolida como foro internacional de referencia

A Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados Conxemar e o Congreso FAO-MAPA consolidaron en 2025 o seu papel como un dos principais encontros internacionais do sector pesqueiro e da industria de produtos do mar. Así o recolle o informe sobre o seu impacto socioeconómico en Vigo e a súa área, elaborado pola UVigo no marco da Cátedra ARDÁN, coa colaboración da Asociación Conxemar e a Zona Franca.

O informe foi detallado polo seu autor, Carlos Rodríguez, do Grupo Rede, que informou dos principais indicadores da Feira.



En termos globais, a Feira e o Congreso xeraron 98,4M€ en produción, contribuíndo con 53,4 millóns de renda á economía de Vigo e a súa área. Así mesmo, propiciaron a creación de 1.246 postos de traballo, cun impacto sobre a renda local equivale aproximadamente ao 0,4% do PIB anual da comarca de Vigo.

O BNG contra os parques eólicos na Serra da Groba

Os nacionalistas levarán á Deputación de Pontevedra unha de rexeitamento formal contra os parques eólicos previstos na Serra da Groba que afectarán aos concellos de Oia, Baiona e Gondomar logo de ter presentado alegacións oficiais e de desenvolver unha cam-

paña nos municipios afectados e no Parlamento galego.

O BNG advirte de que os novos proxectos supoñen a fragmentación de iniciativas anteriores semellantes e de maior tamaño (Torroña I, Merendón ou Albariño I) que xa tiñan informes ambientais desfavorábeis polos seus impactos

críticos e irreversíbeis sobre a paisaxe, a biodiversidade e o patrimonio cultural nas Sobreiras do Faro, nos petróglifos da Cerradiña, no Hórreo de Urgal, as mancomunidades de montes de Santa Cristina da Ramallosa, Burgueira, Viladesuso, Mougás e Blesar, entre outros.

Adeus a Dora Carrera, referente da Asociación Érguete

Dora Carrera, vicepresidenta da Asociación Érguete, faleceu aos 93 anos. Natural do Porriño, Carrera foi un referente na loita contra o narcotráfico, froito dun activismo de décadas, destacando a súa implicación para denunciar este mal na denominada Operación Nécora.

Un exemplo do seu compromiso veuse en agosto pasado, cando asistiu ao centro penitenciario de A Lama para compartir unha xornada con persoas presas polos seus problemas de adicción. A



Asociación realizoulle unha homenaxe durante a súa gala polos 40 anos realizada en Vigo, ante a asistencia de 900 persoas.

O Instituto do Castro, referente para a Xunta



A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, coñeceu de primeira man os proxectos desenvolvidos polo Instituto do Castro, en Vigo, no marco do programa Centros Referentes impulsado pola Xunta para fomentar a inclusión e a

innovación educativa, así como o reforzo das competencias académicas do alumnado. Este programa é unha das seis liñas de acción do Plan MEGA de modernización educativa de Galicia, nas que o Instituto tamén participa no de Bibliotecas Escolares e de internacionalización.

Fomento da lectura no CEP de Sabarís

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, visitou o Colexio de Educación Primaria CEP de Sabarís, en Baiona, para coñecer de primeira man as distintas iniciativas que desenvolve este centro ao abeiro do Plan de mellora de bibliotecas escolares, Plambe, do que forma parte desde o curso 2011/12. Así como o fomento da lectura destacan a radio escolar e o Polo Creativo para a



aprendizaxe da linguaxe de programación

BNG Baiona: "O concelleiro de Urbanismo debe dimitir"

O voceiro municipal nacionalista, Iago Pereira considerou como "falto de ética" á conduta do concelleiro de urbanismo do PP, José Ángel Bahamonde, que ten actividade privada nunha empresa de construción que está

obrando na localidade e a súa responsabilidade como concelleiro de urbanismo con adicación exclusiva, "contando coa complicidade do Alcalde Jesús Vázquez Almuíña". Deste xeito, o BNG baionés esixiu a dimisión deste concelleiro.

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Roberto Mansilla Blanco - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Isidoro Gracia - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Francisco Puñal.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.

Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

CPXG alerta sobre a dependencia da publicidade institucional

O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) vén de presentar un documento de alegacións ao anteproxecto de lei estatal para a regulación da publicidade institucional dirixido a reducir o risco de influencia das administracións nos medios a través dos

fondos públicos; establecer criterios obxectivos e verificábeis de medición de audiencia; e adoptar medidas de protección específicas dos medios en lingua galega.

Así, propónse que a prohibición de que o sector público estatal conceda contratos publicitarios

a medios con máis do 35% de publicidade pública se aplique tamén ás administracións autonómicas e locais. Do mesmo xeito, solicítase que a exención para este límite se reduza dos medios cunha facturación anual inferior aos 2M€ a aqueles que non superen o 1M€.

Palestina na gala do Escritor Galego Universal

A Asociación de Escritores en Lingua Gallega (AELG) asinará un acordo de colaboración coa Unión Xeral de Escritores Palestinos o vindeiro 9 de maio en Santiago de Com-

postela, no marco da Gala dos Premios Literarios Galegos "Follas Novas" na que se entregará o premio Escritor Galego Universal de 2026 a Basim Mohammad Saleh Adeb Al-Khandaqji.

Félix Cal, fotógrafo de tres xeracións

Redondela despediu ao fotógrafo Félix Cal Cortizas, quen faleceu este 24 de marzo aos 69 anos. Herdeiro dunha saga familiar de fotógrafos de tres xeracións, foi fundador da sociedade cooperativa Cal 3 Fotografía ademais de presidente da Comunidade de Montes de Ventosela e do Colectivo Republicano. Félix Cal foi colaborador de A Peneira nos primeiros anos de vida do Xornal.

Cunha traxectoria de medio século, en 2022 presentou o



seu libro "A ollada dos Cal. 100 anos de fotografía en Redondela", onde reuniu unha parte do patrimonio familiar iniciada polo seu avó Saturno Cal a comezos do século XX.

Recoñecemento internacional ao "modelo Oleiros"

O concelleiro de Mobilidade Pablo Cibeira participou nas xornadas do Instituto de Cidades e Vilas com Mobilidade realizadas en Porto, onde foi recoñecido o modelo urbano "de enfoque social" levado a cabo por Oleiros nas úl-

timas décadas. Cibeira explicou que este modelo permitiu ampliar os edificios públicos "dos tres que existían en 1978 aos 143 que hai na actualidade" así como alcanzar 1.200.000 m2 de parques, bosques e zonas verdes públicas.

Falece Manuel Caamaño, referente da arquitectura popular galega

O aparellador, docente e escritor noiés Manuel Caamaño Suárez faleceu aos 90 anos. Autor do libro "As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia (2003), un referente nese campo. Caamaño participou na fundación do Partido Socialista Galego (PSG), foi membro activo de Adegas, a Fundación Castelao e a Editorial Galaxia e estivo ao fronte da Agrupación Cultural O Facho.



Galicia busca talento en América Latina

O concelleiro de Emprego, Comercio e Emigración José González participou en Quito nun foro internacional organizado polo goberno ecuatoriano e o Banco Mundial para captación de talento profesional e avanzar cara "unha migración laboral planificada, segura e benéfica".

González estableceu contactos con representantes institucionais de Ecuador, República Dominicana, Colombia, Honduras e Paraguai para avanzar en acordos de coo-



peración que repercutan na prioridade de Galicia para converterse

"nun actor activo no debate global sobre migración e emprego".

Zona Franca e UVigo apostan pola "soberanía dixital"

O delegado do Estado na Zona Franca de Vigo, David Regades, e o reitor da UVigo, Manuel Reigosa, subscribiron o convenio para a creación da Cátedra "Consortio Zona Franca de Vigo de Computación Óptica Cuántica", coa intención de "posicionar a área de Vigo como referente nesta tecnoloxía clave para a soberanía dixital e a transformación da economía". O convenio entrará en vigor o 1 de xullo, cunha vixencia de 4



anos e unha financiación de 240.000€ euros ao ano, do que

cada entidade achegará 120.000€.

Servizos técnicos forestais e obra do rural

Xirela

Azorín, 9 Estudio - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071

RESTAURANTE *Pizzeria* **SAN MARTÍN**
desde 1934

Avda. Ciclista Delio Rodríguez, 10
36860 PONTEAREAS
sanmartinrestaurante@gmail.com

Telf.: 986 640 211
Móvil: 629 614 508